



A resolución rectoral do 29 de xullo de 2002 de desenvolvemento dos planos de estudo das Licenciaturas de Administración e Dirección de Empresas e de Economía establecía no seu apartado Quinto que as materias optativas vencelladas a determinadas Especialidades ou itinerarios no plano 1993 que non teñan equivalencia no plano 2002 ou que non pertencen neste plano de estudo ó mesmo itinerario poderían manter na adaptación á vinculación á especialidade ou itinerario no que foran cursadas.

Na resolución do 7 de xaneiro de 2003 que modificaba as táboas de adaptación de Administración e Dirección de Empresas, establecíase que, os alumnos que tivesen cursado a materia 592 *Planificación e Xestión Financeira* (9 créditos) do plano 1993 das especialidades de Finanzas, Comercialización e Dirección, se adaptase pola equivalente da súa especialidade no plano 2002 máis 3 créditos optativos ou de libre elección cando a equivalente tivese 6 créditos (*Xestión Financeira /Planificación Financeira*).

Esta resolución presenta certas dificultades e deficiencias para a súa execución. Polo tanto e co obxecto de facilita-la súa aplicación e mante-la concordancia coa resolución do 29 de xullo do 2002.

RESOLVO

Primeiro.- Modifica-la táboa de adaptación do plano de estudos de Administración e Dirección de Empresas do 2002 de xeito que a materia 592 *Planificación e Xestión Financeira* (9 créditos) do plano de estudos de 1993 das Especialidades de Comercialización e Dirección adaptárase no plano 2002 como créditos optativos, vencellados a estas especialidades, co mesmo nome e número de créditos que no plano de 1993.

Segundo.- A Unidade de Xestión Académica do Campus Norte actuará de oficio en relación cos alumnos que solicitaron a adaptación ó plano 2002 de acordo co establecido nesta resolución.

Terceiro.- O alumnado afectado pola aplicación desta resolución poderá modifica-la súa matrícula, ou, de se-lo caso solicita-la devolución dos prezos públicos.

Cuarto.- Deixar sen efecto a resolución do 7 de xaneiro de 2003.

Santiago de Compostela, 30 de xaneiro de 2003.



RECTOR

Senén Barro Amenciro

Sr. Vicerrector de Organización Académica e Profesorado, Sr. Secretario Xeral, Sr. Decano de CC. Económicas e Empresariais, Sr. Secretario Xeral Adxunto, Sra. Xefe da Asesoría Xurídica, Xefa do Servicio de Xestión da Oferta e Programación Académica, Sr. Xefe do Servicio de Xestión Académica, Sr. Xefe da UXA do Campus Norte, Sr. Responsable Académico do SEIN e Sr. Director do COIE.